

# O traballo nas conserveiras e nas bateas

A relación das mulleres coas fábricas de conserva comeza xa coa fundación da primeira conserveira na Coruña en 1836. Será a comezos do século XX que se dea o primeiro auxe do sector, até que en 1909 comeza a crise da sardiña. O sector recuperárase e alcanzará o seu punto máis alto de 1939 a 1949. A partir dos anos cincuenta dáse unha nova crise debido ás novas medidas liberalizadoras implantadas. Prodúcese unha readaptación ao mercado nos anos sesenta. Hoxe en día o sector conserveiro galego é o máis importante en Europa e o segundo do mundo.

As factorías de conserva concentrábanse no século XX nas Rías Baixas, sobre todo en Vigo e nas comarcas do Morrazo e da Barbanza. Encontramos entre os anos 60 e 80 na área de influencia do concello de Pontevedra abundantes conserveiras: só na zona de Etribela había oito fábricas, como a de Herrero, das que non resta ningunha. Tamén había en Moureda, As Corvaceiras (Uzal) ou en Lourido (conservas Montenegro) e Combarro (Malvar e Mosquera, até 1960), estas últimas no Concello de Poio. Nelas traballábase tanto con peixe como con marisco: sardiña, bocareo, ameixa, mexillón, navalla, bonito, etc.



Hoxe en día certos procesos están moi mecanizados, mais nos anos 70 e 80 boa parte do traballo de procesamento do peixe e do marisco era aínda manual. Eses traballos recaían nas mulleres, cuxas tarefas eran múltiples e abranguían desde as máis esixentes ás máis delicadas.

*"(...) limpabamos o peixe, a anchoa e o boquerón, había que sacarlle a peliña cun trapiño de saco, e abrila, poñela nos papeles, e despois empacala nas latas. Aceitábanse e cerrábanse as latas."* (R., Salcedo).

*"A carrexar bidóns de aceite, caldeiros, porque viña nuns bidóns grandes, cunha billa, metiamos e veña caldeiros de aceite para as máquinas e alí unhas a enlatar, outras a empacar."* (L., San Xoán de Poio).

Nas fábricas reflectíase a situación de división do traballo entre homes e mulleres que se daba no resto da sociedade e que se mantén en boa medida hoxe en día. Un claro exemplo desa división é que os poucos homes presentes nas fábricas de conserva exercían normalmente os postos de mando:

*" (...) todas eramos mulleres. Bueno, había algún home tamén pero poucos."* (L., San Xoán de Poio).

*"Solo había un chaval alí que era jefe, encargadito. Como non andiveras lixeira, (dábanche) nas mans!"* (N., Tomeza).

O traballo máis duro recaía polo xeral nas mulleres, ao cal debíase sumar a falta de regulación dos horarios e que as mulleres sempre tiñan que estar dispoñíbeis para ir á fábrica. Esta dedicación á fábrica non as eximía das tarefas na casa ou no campo. Sumábanse unhas tarefas ás outras.

*"O horario podía ser incluso de traballar todo o día e toda a noite. Depende da demanda. Temos estado 24 horas traballando. (...) E despois non só iso, despois traballábamos no campo, que eu traballei moito con vacas e bois e detrás dun arado dándolle volta á terra. (...)"* (L., San Xoán de Poio).

*"Na conserveira podías entrar ás 9 da mañá, pero igual saías ás 2 ou 3 da mañá. Até que se acabara o peixe ou o marisco, ou o mexilón, ou a ameixa... (...) Había días que non viñas á casa, quedabas alí para o día seguinte, sen durmir nen nada. E xa non volvías até que non se acabara o peixe. Era igual se cadraba sábado ou domingo, se había peixe había que ir."* (R., Salcedo).

O ambiente dentro da fábrica podería chegar a enganar unha observadora externa. Talvez encontrásemos as mulleres a cantar durante o traballo, mais iso non sempre foi síntoma de ledicia.

*"... e cantabamos para que non lle coméramos as ameixas e máis as xoubiñas. 'Cantar, cantar mulleres!', xa nos mandaban cantar. E eu durante catro ou cinco anos alí a comer patacas cocidas con loureiro e unha pouquiña azafrán e quentalas alí nun forno; e quen o dera!"* (N., Tomeza)

*"E pasábamolo ben. Millor polo camiño que na fábrica (...)"* (R., Salcedo).



## AS BATEAS

Outro dos traballos nos cales as mulleres tiveron unha presenza importante foi nas bateas. En comparación coas fábricas, o traballo nas bateas era máis duro, pero tamén era mellor pago, o cal facía que se convertese nunha alternativa para obter maiores ingresos e favorecía certa mobilidade entre un e outro traballo.

“Despois como quixen ser un pouco máis fina vin para a fábrica de Combarro (...). Aí xa gañaba (...) 7 pesetas. E as que viñan á batea gañaban 2 pesetas máis, 9. E logo eu quitáballe esas 2 pesetas á miña nai e dáballa o soldo enteiro e esas 2 pesetas eran para min. E viña ás bateas buscar o mexilón para levarlle para as outras mulleres para a terra. (...)” (L., San Xoán de Poio).

Tamén as mariscadoras recorrían ocasionalmente ao traballo nas bateas como forma de complemento ou cando escaseaba o marisco.

“Iamos mariscar uns meses, de marzo a outubro. Pero iamos só o primeiro mes ou así, cando había moito despois cando había pouco non, traballábamnos na batea e xa non iamos ao marisqueo. (...) Aínda casada aínda seguín indo ás bateas.” (L., San Xoán de Poio).

Nas bateas as mulleres, entre outras tarefas, facían o desdobre: escollían a cría que podía estar concentrada en grandes cantidades nunha única corda, desfacían todo e repartíanas noutras cordas para que tivesen sitio para medrar. O mexillón ponse de pequeno, cunha rede moi fina vaise envolvendo á corda para que enraíce. Unha vez enraizado sácaselle a rede e queda pegado na corda. Tamén saían coller cría acompañadas dun capataz. Era un traballo semellante ao dos percebeiros; moi perigoso.

Ao igual que nas fábricas da conserva, o traballo nas bateas está hoxe en día moito máis mecanizado, o cal facilita moito determinadas tarefas ao mesmo tempo que derivou as mulleres para outras tarefas, xa que o traballo con máquinas e grúas estaba máis nas mans dos homes:

*“Gañaba máis na batea. Era máis duro. Agora tamén hai grúas para levantar as cordas, antes tiñámonos que meter no puntón, coller un cabo e amarrar a corda, abrazala así e tira e volve a meterme para abaixo e volve a tirar para riba. (...) Corda de 25 metros. (...) Antes tiñamos que enrolalo cos pés primeiro e despois á man, agora hai unha máquina. Tiñamos botas e enrolabámolo así con coidado para que non rompera.”* (L., San Xoán de Poio).

*“Agora trabállase mellor. Nas mexilloeirias agora teñen grúas e teñen máquinas que separan o grande da cría. Tamén se poden empregar luvas, que antes todo ía á man, sen luvas nin nada.”* (Estribela).

A dureza non era o único problema do traballo nas bateas, as condicións laborais eran difíciles e a cobertura legal mínima.



“Traballas para un xefe. Daquela tampouco che pagaban a seguridade social. Tiñamos un seguro de accidente e unha semana estaba ao teu nome e outra semana a nome doutro e outra semana a nome doutra. E se unha caía enferma logo cambiaban o nome e poñían o da que se lastimaba. Poñían aquela que era a que estaba asegurada. O resto estaba sen asegurar. Era só de accidente, de seguro de enfermidade nada.” (L., San Xoán de Poio).

Tanto as bateas como as fábricas de conserva e o marisqueo compartiron e comparten graves problemáticas de carácter ecolóxico que limitan o seu futuro. A depuradora, o porto, a celulosa... indícanse como razóns da diminución do marisco e o peixe. A riqueza da ría até os anos sesenta era visíbel.

“E vendiamos cría para outras praias, que che acorda que para Vilaxoán, para Carril e todo por aí vendiamos a cría da nosa praia. E para a Illa de Arousa. (...)” (M., Estribela).

Esa riqueza contrasta coa redución en especies e cantidade de marisco e peixe das últimas décadas e da actualidade.

“E agora non hai nin ameixa babosa, nin ameixa fina, nin berberecho, non hai máis que unha pouca cría de xapónica.” (Estribela)

A conxunción do empobrecemento ecolóxico do medio e a maior mecanización do traballo explican que hoxe en día haxa moitas menos mulleres traballando nos labores do mar, sobre todo nas bateas.